


DIVERSO
EQUITATIVO
ACCESIBLE

1ª CONVOCATORIA
26/27
ADAPTACIONES
CURRICULARES

DO 8 DE XUÑO AO 17 DE XULLO



QUÉ SON?

As adaptacións curriculares son aqueles axustes ou modificacións que se realizan no proceso educativo e de aprendizaxe para adecualos ás necesidades específicas do alumnado.


O curso pasado atendimos un total de 235 persoas do alumnado que precisaban de apoios e acompañamento.

O estudantado que xa as solicitou en anos anteriores so ten que renovalas, e o novo estudantado terá que iniciar o proceso coa entrega de toda a documentación.

CÓMO SE FAI?

Este ano para facilitar o procedemento será unicamente online cubrindo o seguinte formulario:

<https://forms.cloud.microsoft/e/sKT6cRy49S>



DOCUMENTACIÓN

O alumnado que vai solicitar por primeira vez as adaptacións debe adxuntar, no mesmo forms, a seguinte documentación:

1. Fotocopia do documento oficial en que se recolle o tipo e grao de discapacidade da persoa solicitante (no caso de estudantes con dislexia, TDAH ou dificultades de aprendizaxe que non teñan asociado un recoñecemento do grao de discapacidade, deben achegar todos os informes médicos, psicolóxicos e/ou psicopedagóxicos de que dispoñan para poder valorar as adaptacións).
2. Fotocopia da matrícula para o ano 2026/2027 (no caso de non tela no período de solicitude, poderá achegarse con posterioridade).
3. Fotocopia da declaración da renda do último ano (só no caso de servizos de transporte adaptado, asistencia persoal ou ILSE).

DOCUMENTACIÓN

O alumnado que so vai renovar as adaptacións simplemente ten que encher o formulario e adxuntar o informe/s se hai algunha actualización.

Se non podes ou tes dificultades
para encher o Forms

Pide cita:



Ou chama ao 881012314